

Apreciados pais, queridos alumnos:

Presentámoslles o programa de *actividades extraescolares* para o curso 2018/20189. Temos en conta as valoracións da proposta do curso pasado. Os espazos dispoñibles do centro limitan a oferta de posibilidades compatibles cos horarios.

As actividades extraescolares organízanse e xestiónanse polo colexio, que é quen suscribe o contrato de servizos coas entidades encargadas de desenrolar a actividade. Calquera suxestión o queixa dirixirse por escrito a dirección (dirtui@maristascompostela.org). Tamén pode facelo ao “Responsable da actividade” (figura máis abaixo).

NORMAS

- ✓ As normas de conduta das actividades extraescolares rexeranse polas Normas de convivencia do Centro.
- ✓ Todo alumno/a que non poda asistir á súa actividade deberá notificalo e, se é posible, con antelación. Se de forma ocasional o/a alumno/a debe saír antes da hora, comunicaranos mediante unha nota asinada polos seus pais ou titores.
- ✓ Os nenos de Educación Infantil que realicen extraescolares serán recollidos nas súas aulas polo profesor da actividade e, ao rematar a actividade, entregaranos ós seus pais ou persoa autorizada no patio. Os de primaria poderán acudir sós.
- ✓ Os monitores de actividades extraescolares NON SON RESPONSABLES dos obxectos persoais perdidos ou esquecidos.
- ✓ A BAIXA dun alumno nunha Actividade Extraescolar deberá comunicarse **10 días antes** da finalización do mes previo ao que se desexa abandonar a actividade. Notificarase por escrito, en man ou vía e-mail, á Dirección do Colexio dirtui@gmaristascompostela.org
- ✓ As inscricións nas Actividades Extraescolares son por meses completos. As empresas encargadas das mesmas están autorizadas a cobrar os recibos correspondentes na 1ª semana de cada mes. Non se realizarán recibos proporcionais a días inferiores a un mes.
- ✓ Se o grupo supera o límite de alumnos, a preferencia a marcará a orden de inscrición.
- ✓ A aceptación destas normas de funcionamento é condición necesaria para a realización das actividades extraescolares e deberá marcarse dita casilla na folla de inscrición.

ORGANIZACIÓN

Prazo de inscrición: Finaliza **o 27 de Setembro de 2018**.

Proceso de inscrición: Poderá realizarse de dúas maneiras diferentes:

1. Recollendo a folla de inscrición en Portería e entregándoa dentro do prazo indicado no mesmo lugar.
2. A través da páxina web do colexio maristastui.org poderase descargar a fola de inscrición e remitila por correo electrónico á dirección do Colexio dirtui@maristascompostela.org. Cada familia entregará unha única folla de inscrición.

- Cada membro familiar poderase inscribir en tantas actividades como desexe sempre e cando os horarios

sexan compatibles. A actividade que non alcance un número mínimo de participantes (indícase en cada actividade) non se realizará.

- Todos os grupos que se constitúan -en base ao nivel de inglés- terán a sesión de inglés neses mesmos días. O centro publicará o día **1 de outubro** na súa páxina web, taboleiro de anuncios e portería do colexio as actividades que contan cun nº suficiente de participantes. Os alumnos, cuxas actividades non alcancen o número mínimo de inscricións, poderán cambiarse a outra das elixidas na 1ª semana de outubro. Para calquera dúbida diríxase á dirección do Centro: 986 60 70 25 ou dirtui@maristascompostela.org

- Duración das actividades : Inícianse o 1 de outubro de 2018 e rematan o 31 de maio de 2019 seguindo o calendario escolar do Centro.

- Forma de pago O importe correspondente facturarase na 1ª semana de cada mes mediante cargo na conta. No caso de recibos devoltos, estes serán abonados, ben mediante nova remisión ao cobro ou ben en efectivo, xunto cos gastos que orixine dita devolución.

INFORMACIÓN DAS ACTIVIDADES

Judo



Arte marcial de ataque e defensa. Olímpico dende 1964. Dos máis practicados no Mundo, de se mesmo así como a responsabilidade das súas propias accións.

Quen: Infantil e Primaria (dende 5 anos a 6º EP)

Grupo: sobre 20 alumnos.

Cando: luns e xoves ou mércores e venres de 12:45 - 13:30 h.

Responsable: Paco Covelo (mestre nacional Judo) 669 432 740 pakocovelo@gmail.com

Importe: 23,00 € / mes (Traxe judo : 25/35 € segundo a talla – cinto: 3'90/4'20 €)

Inglés

Os grupos faranse **por nivel** do alumnado, no pola súa idade, e trimestralmente revisaranse estes grupos. Ademais existe a posibilidade de que os alumnos máis avanzados preparen e realicen o prestixioso exame Cambridge Young Learners (YLE), el KET o el PET. (Máis información en <http://www.cambridgeesol.org>).

Quen: Infantil e Primaria.

Cando: martes e xoves de 12:45-13:45 h.

Grupo: nº mínimo 6 alumnos. Formaranse os grupos atendendo ao nivel, non á idade.

Responsable: Manuel Feijoó 645 820 009 exodega@gmail.com

Importe: 35 €/ mes

***Para Secundaria: unha sesión semanal, martes ou xoves según demanda de 1h30': 30€

KIDS ABACUS

KIDS ABACUS é un programa de estimulación mental para **nen@s de 5 a 12 anos**. Traballamos co cálculo con ábaco xaponés e o cálculo mental nun entorno lúdico.

Ademáis do cálculo en sí mesmo, os alumn@s desenrolan a concentración, creatividade, memoria visual, orientación espacial, memoria auditiva, capacidade de visualización...

En KIDS ABACUS aprenderán a realizar, de xeito razoado, tódalas operacións aritméticas, suma, resta, multiplicación, división, fraccións, raíces cadradas, potencias e operacións combinadas, o que reforzará de forma moi positiva o seu traballo escolar.

Na aula crease un contorno lúdico que implica ao nen@ e favorece o aprendizaxe significativo



Se levará a cabo os martes/xoves de 17.00-18.00h, 1 sesión semanal:19€/mes; 2 sesións semanais 35€
€/mes+matrícula 10€

Responsable: Manuel Feijoó 645 820 009 exodega@gmail.com

BRIGHT MINDS



É unha actividade de estimulación infantil baseada en diferentes teorías, como as intelixencias múltiples de Howard Gardner ou a educación emocional de Daniel Goleman. Vai dirixida a alumn@s **de 3 a 5**

años. É un complemento curricular pensado para Educación Infantil e moi adecuado ás propostas

escolares na Educación Infantil do século XXI. As clases estruturanse a través dun conto conductor, a partir do que se presentan os diferentes obradoiros, apoiados polo material propio de Bright Minds e o de LEGO Education.

Se levará a cabo os luns e mércores de 12.45-13.30 horas

Custe: 1 sesión 19€/mes, 2 sesións 35€/mes

LEGO-ROBOTIX



LEGO-Education lanzou no sur de Europa ROBOTIX, un proxecto pioneiro de formación extraescolar para o desenrolo de habilidades e competencias para o século XXI: **creatividade, innovación, emprendimento, comunicación, traballo en equipo e fomento de autoconfianza.**

Na extraescolar ROBOTIX utilízanse varios materiais co fin de construír e aprender sobre as máquinas e os mecanismos, a desenrolar a comunicación, a reflexión e crear divertidos robots con LEGO WeDo 2.0.

Mentras os alumnos divírtense coa construción, o Facilitador de Lego plantexa aos nenos/as unha serie de retos que lles permitan entender e aplicar conceptos de tecnoloxía e montaxe (poleas, engranaxes, trinquetes, etc.) sobre robótica de una maneira fácil e entreteida.

Aprenderán a controlar o movemento do robot utilizando motores, sensores e unidades programables de control. Unha vez xa controlen o robot, se lles presentarán desafíos nos cales se desenrolarán unha serie de retos co obxectivo de provocar o protagonismo de cada un como axente d seu proceso de aprendizaxe e desenrolo. Sempre nun contexto de interacción grupal.

Destinada para alumn@s de primaria.

Os luns de 17.00-18.30h

Responsable: Manuel Feijó 645 820 009 exodega@gmail.com

Importe: 35 €/ mes

FÚTBOL-SALA

Pre-benjamines (6-7 anos) e benjamines (8-9): martes e xoves de 17:10 – 18.15 h.

Predeporte (4-6) e alevines (10-11): mércores e venres de 17:10 – 18.15 h.

Grupo: nº mínimo 10 alumnos.

Responsable: club deportivo Tui fútbol sala (Juan)

Importe: 17€/mes

CLUB DEPORTIVO



TUI FÚTBOL SALA

BALONCESTO

Dende o CB Tui se oferta a actividade co obxectivo de introducir aos nenos/as na esencia deste deporte. Achegamento dos alumnos a parte teórica das regras de xogo e a disfrutar e familiarizarse con este deporte.

QUEN: nenos/as de 3º-6ºEP

CANDO: luns de 17.00-18.00h

IMPORTE: 12€/mes

Responsable: Jose Miguel González Palacios
Coordinador deportivo CB Tui



CORO

Esta actividade consiste en formar un pequeno coro colexial que sirva por un lado para familiarizarse coa música e espertar o oído musical, e por outra parte para desenrolar capacidades de traballo en equipo, xa que o obxectivo é aprender a cantar con outros nenos e nenas. No caso desta actividade a inscrición realizarase na recepción do colexio e a cantidade da inscrición anual entregarase en mano. Esta actividade comezará o martes 9 de Outubro.

Quen: Primaria (1º a 6ºEP)

Cando: martes de 12:45 – 13:30 h.

Grupo: nº máximo 35 alumnos/as (teñen preferencia os que xa estaban)

Importe: 10,00 € /ano

Responsables: Roberto Díez Sancho e Montserrat Broullón Fonseca

